

Un momento clave para aplicar as tecnoloxías aos modelos de negocio

Os sectores máis avanzados son os da automoción, o bio ou o agroalimentario

Santiago. Os sectores da automoción, o agroalimentario e o bio, así como o aeronáutico son os que rexistran un nivel máis elevado de implantación das tecnoloxías 4.0 no tecido empresarial galego.

Así o recolle o estudo 'Oportunidades industria 4.0 en Galicia', cuxas conclusións foron presentadas onte na Cidade da Cultura.

O informe, impulsado pola Xunta, a través do Igape e coa colaboración da Alianza Tecnolóxica Intersectorial de Galicia (Atiga), determina tamén que o actual é un "momento clave" para "moitas empresas" que empezaron a implantar estas tecnoloxías pero non as teñen totalmente aplicadas ao seu modelo de negocio.

De feito, o 37,3% das compañías consultadas están na fase 2 de implantación e entre as tecnoloxías implantadas as que máis destacan son as de *safety &*

security e a automatización e robótica avanzada e colaborativa. A tecnoloxía 'big data' concentra a maior previsión de implantación nestes tres sectores.

Como principais barreiras, as firmas do estudo sinalaron o financiamento e a incerteza sobre o retorno do investimento, ante o que solicitan axudas á administración para investimentos en infraestruturas e solucións TIC.

Tamén para facer fronte ao descoñecemento das tecnoloxías, demandan formación cualificada en TIC e industria 4.0, xunto a máis servizos de diagnóstico e consultoría na materia.

O conselleiro de Economía, Francisco Conde, asegurou que as oportunidades que ofrece a industria 4.0 "poden ser maiores canto máis unidos traballen o sector e a Administración". "Debemos preguntarnos como Galicia pode responder os retos da industria 4.0 e só vemos unha vía posible que ten dous alicerces: que a Administración non poña trabas e que esteamos todos xuntos", destacou. ECG



Francisco Conde, no centro sentado, durante a presentación do informe sobre a industria 4.0 na Cidade da Cultura